

VIERNES, 15 de diciembre de 2006

Agustín Fernández Paz: "Podemos esquecer cando coñezamos"

Ó. I. | 15 DIC 2006

Archivado en: Guerra civil española Narrativa Franquismo Historia contemporánea Literatura Historia Cultura

"Eu escribo sobre a memoria, non sobre a Guerra Civil", reitera Agustín Fernández Paz, o autor máis premiado da literatura infantil e xuvenil galega. "Cando publiquei Corredores de sombra [unha das obras da súa Triloxía das sombras, xunto a Noite de voraces sombras e As sombras do faro], anoxoume moito ler que estaba a falar do pasado, cando os protagonistas da novela son de 2006".

"Eu río cando me din que debemos esquecer", di Fernández Paz, que comezou a interesarse polos temas relacionados coa Guerra Civil a mediados dos 90. "Foi entón cando descubrín que a Illa de San Simón foi un campo de concentración. E pouco despois empezaron os revisionistas como Pío Moa ou César Vidal. Cando eu facía o borrador da miña última novela aínda gobernaba o PP".

Se en Noite de voraces sombras se coloca a carón dos vencidos, en Corredores de sombra escribe desde a outra beira. "Trato de ver qué pasa pola cabeza dunha rapaza de trinta anos, un día que fan unha obra na casa dos seus pais e aparece un esqueleto con dous tiros na testa".

Fernández Paz, membro fundador dos colectivos Avantar e Nova Escola Galega, con moitos traballos sobre a didáctica do ensino e os medios de comunicación nas aulas, é moi crítico coa transición na escola. "Todos os temas de Historia acababan no 36, e falamos de anos da democracia. Todas estas cuestións inflúen sobre os rapaces que están agora nos institutos. Ti pregúntalle aos rapaces se saben que aquí se roubaron nenos para darllos aos vencedores, ou que Camposancos e San Simón foron campos do horror. Só podemos esquecer cando desenterremos todo. É dicir, cando coñezamos".

Fernández Paz desbota a visión da Guerra Civil como tema de tempada. "Se imos á raíz de moitos problemas, o normal é que apareza a Guerra Civil, pero este non é un produto de márketing fácil. Impónseche por dentro".

A novela máis vendida do autor vigués, Cartas de inverno, vai pola décimosexta edición en catalán.